ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2018-05-24T11:49:20+02:00 - Concelleira-secretaria Da Xunta De Goberno Local (María Olga Alonso Suárez) 2018-05-24T19:00:55+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2018-05-24T19:54:17+02:00 -

Concello de Vigo

Dª. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de maio 2018 , adoptou o seguinte acordo:

7.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR JOSÉ FRAU RUÍZ. EXPTE. 4961/440.

Dáse conta da proposta asinada con data 21/05/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de febreiro de 2018, polo que non se admite neste procedemento a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. por non ter presentado correctamente a declaración responsable incluída no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluír deste procedemento a CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 15 de maio de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,07
2	ORESA, S.L.	95,63
3	ORECO, S.A.	88,15

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2018-05-24T11:49:20+02:00 - Concelleira-secretaria Da Xunta De Goberno Local (María Olga Alonso Suárez) 2018-05-24T19:00:55+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2018-05-24T19:54:17+02:00 -

4	ELSAMEX, SA	86,95
5	COPCISA, S.A.	85,64
6	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	82,45
7	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	79,84
8	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	78,79

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 819,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

Documento asinado